

Presentación

Natalia Poncela López

A presente publicación reúne os textos dos relatores e relatoras que participaron na xornada arte + educación, organizada desde a Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega. Nela asumíuse a continuidade das distintas achegas que desde esta sección se desenvolveron nos últimos anos: arte + espazo público, arte + grandes eventos, arte + crise social, arte + narrativa gráfica, arte + pintura, arte + coleccionismo...

Arte + educación situou o foco sobre a arte e a educación, este binomio vertebral para a estrutura das artes visuais contemporáneas porén desatendido, ou mal atendido, desde o propio sistema.

Arte e educación? Que estratexias son posibles no eido da creación, educación e mediación artísticas? Que espazo ocupa a educación artística no contexto do sistema arte? Que relacións se establecen entre as artes visuais e outras disciplinas? Que responsabilidades poden ter as institucións nestas relacións?

Participa a educación artística doutros focos interdisciplinares e colaborativos xunto a outras áreas de coñecemento? Que estratexias de integración disciplinar poden abordarse desde a educación artística? Estas tácticas, de que modos se poden inserir na resolución doutras problemáticas?

Arte + educación ofrece unha serie de achegas analíticas desde distintos campos de actuación: a creación, a educación, a docencia e a mediación artística. Analizando modos, tácticas e responsabilidades, reflexionando sobre o rol das institucións e sobre se estas poderían absorber novos modelos de mediación horizontal e participativa.

Neste encontro, alén da participación dos relatores e relatoras convidados, contouse coa colaboración e implicación de profesionais do contexto galego relacionados coa investigación das relacións entre Educación e Arte. Como resultado desta colaboración, configurouse un horizonte conceptual sobre os contextos, as formacións, os colectivos, as institucións e os campos de estudo relacionados coa educación artística. Na resolución formal deste proxecto colaborativo, nesa configuración dun posible *mapeo* conceptual, convidouse aos participantes e asistentes da xornada.